

Adaptación: **MARC TAEGER** e **XOSÉ BALLESTEROS**
Ilustracións: **GABRIEL PACHECO**

Encadernado en cartón
36 páxinas a toda cor. 22x22 cm.
Dispoñible en:

-Galego: "Os catro amigos"
Os contos do trasno. ISBN 978-84-8464-733-1

-Castelán: "Los cuatro amigos"
Libros para Soñar. ISBN 978-84-92608-30-0

-Portugués: "Os quatro amigos"
Livros para Sonhar. ISBN 978-989-8205-40-7

Prezo: 13 €

OS CATRO AMIGOS



Érase unha vez un home que tiña un burro. Durante moitos anos o animal levou a carga ao muíño mais agora, vello e canso, xa non tiña forzas para ese traballo. Así que o home, para aforrar uns poucos cartos, non lle volveu dar comida. O burro, diante deste negro panorama, decidiu escapar a Bremen para facerse músico da rúa.

Un burro, un can, un gato e un galo son os protagonistas deste relato dos irmáns Grimm que anima a non decaer malia as dificultades, porque sempre haberá oportunidades para saír adiante. Partindo de que ninguén é imprescindible, este conto destaca que todos somos útiles para desempeñar unha función na vida. Tamén suxire que a unión fai a forza, cando os animais logran espantar os malfeitores que atopan nunha casa do bosque. "Os catro amigos", tamén coñecido como os músicos de Bremen, é o conto máis significativo desta cidade, afamada polo seu carácter liberal, acoledor e aberto. Dende 1953 unha estatua a carón da Casa do Concello enzalza a figura deste singular cuarteto.

As ilustracións de Gabriel Pacheco, co seu estilo característico, presentan uns animais humanizados, con brazos e pernas, ataviados e caracterizados. A sinxeleza das esceas, a suavidade das cores e a calidez das texturas fan deste libro un clásico actual.

JAKOB (1785-1863) & **WILHELM** (1786-1859)
GRIMM (Hanau. Hesse, Alemaña)

Ademais dos seus contos, os irmáns Grimm destacaron polos seus estudos sobre a linguaxe, polo que se lles considera fundadores da filoloxía alemana. Os dous traballaron no eido bibliotecario e exerceron como profesores universitarios en Kassel. Nesa cidade comezaron a recompilar contos da tradición oral, que publicaron en varios volumes. No catálogo de KALANDRAKA tamén figura a tradución do relato "A casa de chocolate".

GABRIEL PACHECO (México DF, 1973)

Graduado en Escenografía pola Escola Nacional de Teatro do Instituto Nacional de Belas Artes e Literatura (INBA). A súa irmá, diseñadora e especialista en infantil, introduciuno na ilustración de álbums, un traballo que realiza con "liberdade e desenfado" dende 1997. A evocación e o diálogo co pasado son as claves do seu traballo: "Podes pintar unha árbore vermella ou unha mazá azul, non hai límites", explica Pacheco. Recibiu diversos galardóns, entre os que destacan o premio do X Concurso Internacional de Ilustración Citty de Chioggia (Venecia) en 2004 e o Premio Internacional de Libro Ilustrado de México en 2000 e 2002. Traballou para editoriais como Alfaguara, Santillana, SM e KALANDRAKA, onde publicou "O polño da abeieira" e "O home de auga".



- **Temática:** adaptación do clásico dos irmáns Grimm
- **Idade recomendada:** a partir de 4 anos
- **Aspectos destacables:** do ilustrador de "O home de auga" e "O polño da abeieira"; KALANDRAKA tamén editou "A casa de chocolate", dos irmáns Grimm; música; animais da granxa